

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2006

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Desculpan a súa asistencia os Sres. Faíña Medín e Martínez Suárez.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención informando das eleccións a órganos colexiados (Claustro, xuntas de centro e departamentos) da Universidade da Coruña, que se realizaron o pasado día 20 de novembro. Tamén dá conta das dúas últimas sesións do Consello Social da Universidade da Coruña, que tiveron lugar os días 6 e 15 de novembro, centrándose na do citado 15 de novembro, xa que nesta sesión se aprobou por asentimento informar favorablemente a relación de programas oficiais de posgrao ofertada pola Universidade da Coruña. Igualmente, informa sobre a visita institucional á Universidade da Coruña do Presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Pérez Touriño, coa finalidade de coñecer de primeira man o proxecto de parque tecnolóxico no Campus de Elviña. O Sr. Reitor quere aproveitar este punto da orde do día para expresar aquí tamén o pesar da Universidade da Coruña polo finamento do D. José Luis Alvarez Naveiro, membro, durante moitos anos, do Consello Social e da Fundación Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen comunica aos membros do Consello de Goberno que non se vai impartir o mestrado de estudos teatrais do curso académico 2006/2007. Conclúe a súa intervención informando acerca do proceso de implementación da aplicación informática XESCAMPUS e da constitución dunha comisión específica para proceder á correspondente migración de datos.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, que comeza a súa intervención informando da publicación de distintas resolucións de convocatorias da Xunta de Galicia. Neste mesmo sentido indica que, sempre segundo os datos achegados pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia, as solicitudes de persoas investigadoras da Universidade da Coruña son inferiores en número ás formalizadas por outras universidades do sistema universitario de Galicia. No relativo a bolsas para estudos de posgrao, dun total de 119 solicitudes formalizadas, 25 corresponderon á nosa universidade, das que se obtiveron 6 bolsas (a respecto das outras solicitudes, 15 foron para estudantes de posgrao da Universidade de Santiago de Compostela e as 4 restantes para a Universidade de Vigo), de modo que a porcentaxe de bolsas obtidas en relación coas solicitudes presenta moitas similitudes (un 24 por 100 para a nosa universidade, un 20 por 100 para a Universidade de Santiago de Compostela e un 22 por 100 para a Universidade de Vigo). No relativo a bolsas de terceiro ciclo, foron admitidas 402 solicitudes, destas, 85 procedían da Universidade da Coruña e deles concedéronse un total de 23, de modo que a porcentaxe de bolsas

concedidas a respecto das solicitadas é do 39 por 100 (un 31 por 100 no caso da Universidade de Santiago de Compostela e un 29 por 100 no caso da Universidade de Vigo). No que atinxe á concesión de proxectos de investigación, tendo en conta que os datos remitidos pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia son provisorios ao día de hoxe, é posible que se incremente o seu número coa lista de suplentes, a Sra. Vicerreitora de Investigación informa do feito de que o número de proxectos presentados este ano aumentou, incluso por riba do incremento orzamentario, determinando que o número de proxectos concedidos, a respecto dos solicitados, sexa máis baixo que o de convocatorias anteriores. Concretamente, a Universidade da Coruña solicitou aproximadamente o 23 por 100 do total de proxectos presentados polas tres universidades galegas (un 21 por 100 en incentivos); no relativo a concesións, a porcentaxe do concedido sobre o solicitado en proxectos presentados pola nosa universidade foi dun 8.5 por 100 (estando a media das tres universidades galegas no 10.5 por 100); e no relativo a incentivos, a porcentaxe de concedido sobre solicitado foi do 13.2 por 100 (estando a media das tres universidades nun 12.6 por 100).

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa da finalización da primeira fase do proxecto de seguimento de expedientes, ao que se lle engadiu a nova aplicación informática para eleccións, que se puxo en funcionamento nas eleccións de representantes de órganos colexiados da Universidade da Coruña; e tamén da finalización da primeira fase do proxecto de deseño dun sistema de información para a dirección, en que se inclúe o *datawarehouse* con información académica e económica. Igualmente, dá conta da posta en marcha no mes de xaneiro, coa colaboración do Banco de Santander, dun novo sistema de impresión en aulas net, que será implementado pola empresa Gestetner e que implicará a instalación de novas impresoras en todas as aulas, permitindo proporcionar en rede o mesmo servizo de impresión gratuíta en branco e negro que se presta até o presente, mais cun novo servizo de pago polo usuario que permite imprimir en cores, a través do que se financiará o mantemento de todo o sistema, garantindo a gratuidade da impresión en branco e negro ás persoas usuarias, que deberán identificarse coa presentación da tarxeta universitaria, que tamén servirá para o pagamento das impresións en cor. Despois de indicar cal é a situación actual do proxecto do campus virtual multimedia, o Sr. Vicerreitor dá conta da publicación da guía de servizos da Universidade da Coruña *Quen fai que*, que será obxecto de distribución en todos os centros da nosa universidade, e tamén do comezo, en xaneiro de 2007, do proceso a seguir para á obtención da certificación de laboratorios da Universidade da Coruña, concretamente a través da aplicación transversal da norma ISO en todos os laboratorios en cuestión. Continúa a súa intervención dando conta igualmente do remate dos traballos relacionados coa avaliación docente do curso académico 2005/2006 e da elaboración e aplicación do correspondente plano de formación dirixido ao profesorado, ao estudiantado e ao persoal de administración e servizos. Por último, e xa para rematar a súa quenda no emprego de palabra, o Sr. Vicerreitor informa os membros do Consello de Goberno da fase de tramitación da solicitude de novos títulos de posgraao oficiais, despois de que fose enviada a documentación requirida á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e moi sinaladamente, a certificación da data de aprobación, por parte deste Consello de Goberno e do Consello Social da Universidade da Coruña, dos doutoramentos relativos aos mestrados de neurociencia, física aplicada e enxeñería matemática.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extratexia e Planificación Económica, quen informa aos membros do Consello de Goberno de que desde a súa vicerreitoría se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio correspondente ao ano 2005 por importe de 19.421.95 euros, de conformidade co parágrafo primeiro da base 9ª.2 do orzamento e despois de contar cos informes favorables do Servizo de Intervención. Tamén dá conta de que a Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno, consonte ao parágrafo segundo da base 9ª.2 do orzamento e logo dos informes favorables do Servizo de Intervención, validou expedientes de gasto e a correspondente imputación destes a créditos de 2006 de obrigas xeradas por importe de 1.457.362.47 euros nas súas sesións de 23 de novembro, de 5 e 14 de decembro de 2006.

Concluída a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Profesorado, quen informa das prazas convocadas polo procedemento de urxencia desde o anterior Consello de Goberno e que se relacionan no **ANEXO II**. Igualmente, dá conta das liñas xerais do acordo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia polo que se aproban as valoracións daqueles profesores que formalizaron a solicitude de complementos ao abeiro da Resolución do 26 de outubro de 2006, que aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular (278 profesores), e da Resolución do 16 de outubro de 2006, que aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador (17 profesores).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, QUE TIVERON LUGAR OS DÍAS 25 DE OUTUBRO E 15 DE NOVIEMBRE DE 2006

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 25 de outubro de 2006 e a acta da sesión extraordinario do Consello de Goberno do día 15 de novembro de 2006.

3. CONVENIOS E CONTRATOS

O Sr. Secretario Xeral informa sobre os 46 convenios que figuran no **ANEXO III**, clasificados en convenios marco (un total de 4), convenios específicos (un total de 31) e convenios para prácticas (un total de 9), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión, que figuran no citado **ANEXO III**, son **aprobados** por asentimento.

4. RATIFICACIÓN, SE PROCEDER, DA DECLARACIÓN DE APOIO AO USO DE SOFTWARE LIBRE NA UDC

O Sr. Reitor dá conta detalladamente do contido desta declaración, cuxa orixe se pode atopar no *Libro branco para o uso de software libre nos ámbitos de docencia, investigación e administración da Universidade da Coruña*, en que se tentaba analizar o fenómeno do software libre e das fontes abertas e deseñar un conxunto de actuacións para o desenvolvemento progresivo do uso do software libre na Universidade da Coruña.

Apróbase por asentimento ratificar a declaración de apoio ao uso de software libre na Universidade da Coruña tal e como figura no **ANEXO IV**.

5. PREMIOS EXCELENCIA ACADÉMICA

De conformidade co acordo adoptado pola Comisión de Extensión Universitaria na súa sesión do día 16 de novembro de 2006, o Sr. Vicerreitor de Estudantes propón ao Consello de Goberno a concesión de premios de excelencia académica no bacharelato á relación de estudantes que figura no **ANEXO V**.

Apróbase por asentimento a concesión de premios de excelencia académica no bacharelato ao estudantado que figura na relación do citado **ANEXO V**.

6. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de premios extraordinarios de doutoramento do curso académico 2004/2005 que figura no **ANEXO VI**.

Concluída a intervención da vicerreitora de Organización Académica, pide a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado para solicitar que se concedan excepcionalmente tres premios extraordinarios no caso concreto da titulación de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, aínda que o número de premios que lle corresponden a esta titulación por aplicación do Regulamento de estudos de doutoramento é de dous, tendo conta que as tres persoas doutoras teñen recoñecido as súas respectivas teses de doutoramento coa concesión de distintos premios.

Despois dunha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Soraluze Blond, Vidal Romaní e as Sras. Herrero López e López Fernández, **apróbase** por asentimento a proposta de premios extraordinarios de doutoramento do curso académico 2004/2005 que figura no **ANEXO VII**, axustándose en todo momento ao establecido ao respecto polo Regulamento de estudos de doutoramento, razón pola que non se aproba a

concesión excepcional de tres premios extraordinarios para o caso concreto da titulación de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DOS ORZAMENTOS DA UDC PARA O ANO 2007

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica presenta os orzamentos da Universidade da Coruña para o ano 2007, localizables no enderezo electrónico <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp> e que acadan os 111 millóns de euros, medrando un 5,4 por 100 a respecto do 2006. Na elaboración do documento, que previamente recibira o apoio da Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno, respectáronse os principios de prudencia e de rigor que permitiron sanear as finanzas da entidade. O citado incremento de ingresos, que vén fundamentalmente do aumento das transferencias correntes da Xunta de Galicia, permite financiar a totalidade do incremento no gasto corrente, sendo previsibles incrementos adicionais nos fondos dispoñibles para investimento, pois, a diferenza do que sucedía en 2006, os fondos europeos FEDER do próximo ano aínda non se asignaron. Tamén afirma o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica que estes orzamentos permiten avanzar na modernización da Universidade da Coruña, na medida en que o gasto se orienta á dotación de medios humanos (tanto PAS como PDI) e materiais para a investigación de calidade e á integración no Espazo Europeo de Educación Superior, sen esquecer o crecemento das bolsas a estudantes, moi superior á do conxunto do orzamento (superando o 17 por 100), e investimentos tales como os do Centro Cívico de Ferrol, os relacionados co Parque Tecnolóxico, as instalacións culturais e finalmente as relativas ao plano director para a adaptación das infraestruturas actuais ao novo sistema educativo. Non obstante, ao mesmo tempo que se avanza nos aspectos citados, pónense de manifesto as limitacións do Plano de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2005-2010, que resulta insuficiente para acometer todos os investimentos que a UDC demanda. Por iso, son fundamentais achegas como as das Consellerías de Vivenda e Solo para a Área Residencial, e as das Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria (xunto coa de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) e de Innovación e Industria para o Parque Tecnolóxico, en tanto que estes fondos supoñen un investimento comprometido, adicional ao recollido no orzamento, de 11 millóns de euros.

Despois de que o Sr. Reitor salientase a política de transparencia seguida, xa que o orzamento completo, ao igual que os anteriores elaborados por este equipo, está dispoñible na web da Universidade, ábrese unha quenda de intervencións en que o profesor Soraluze Blond pregunta se existe algunha partida destinada ás obras do antigo edificio de Maxisterio e sobre a natureza do Centro Cívico de Ferrol. O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica responde á primeira pregunta identificando a partida como a denominada “Centro Cultural Riazor”. Pola súa banda, o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa explica a localización e as características do novo edificio, destinado a albergar os distintos servizos da Universidade no Campus de Ferrol.

Apróbanse por asentimento os orzamentos da Universidade da Coruña para o ano 2007, tal e como figuran no enderezo electrónico <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp>.

8. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO PLANO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UDC

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación expón aos membros do Consello de Goberno o Plano de normalización lingüística que se somete á súa aprobación nesta sesión tal e como figura no **ANEXO VIII**, que pretende ser a materialización do compromiso da Universidade da Coruña coa normalización da lingua galega en todos os ámbitos da súa competencia e que ten a súa orixe no traballo realizado pola Comisión para a Elaboración do Plano de Normalización Lingüística, creada por acordo do Consello de Goberno en sesión do 29 de abril de 2005, que o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación agradece publicamente.

Rematada unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Graña López, Rodríguez Fernández, Navarrina Martínez e Rodríguez Gayán, **apróbase** coa abstención do Sr. Graña López o Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña que consta no **ANEXO VIII**.

9. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA OFICINA DE IGUALDADE DE XÉNERO

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación comeza a súa intervención indicándolles aos membros do Consello de Goberno que a Universidade da Coruña, en documento sobre a súa misión, visión e valores, aprobado polo Claustro o día 31 de marzo de 2005, propugna como principio reitor “a afirmación dos dereitos humanos e a consecuente loita contra calquera discriminación por razóns ideolóxicas, sociais, económicas, relixiosas, de nacemento, de discapacidade, de xénero ou de orientación sexual”. Sobre esta base, o Sr. Vicerreitor continúa indicando que, en consecuencia, a Universidade da Coruña debe velar polo cumprimento do principio que apela á eliminación de toda forma de discriminación contra as mulleres e que o principio de igualdade entre homes e mulleres é o marco lexitimador que asume a Universidade da Coruña como principio de “bo goberno”. Precisamente co obxecto de dar cumprimento a este principio de igualdade, o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación propón aos membros do Consello de Goberno a creación da Oficina para a Igualdade de Xénero, co compromiso de velar pola igualdade entre homes e mulleres e eliminar calquera mostra de sexismo no seo da comunidade universitaria, e que se regulará polo regulamento que figura no **ANEXO IX**.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Fernández Cervantes, Rodríguez Fernández, Cao Abad e as Sras. López Fernández, Herrero López, Rodríguez Amoroso, Canosa Ferrio e Candedo Gunturiz.

Apróbase por asentimento a creación da Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña e seu regulamento de actuación e funcionamento, que figura no **ANEXO IX**.

A continuación, o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación propón, para a dirección da Oficina para a Igualdade de Xénero, a Sra. Ana Sánchez Bello, que é unha persoa membro da comunidade universitaria que desenvolve, con recoñecemento contrastado, tarefas de moi diverso signo no campo da igualdade de xénero, e para formar o Consello Asesor da Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña a relación de persoas que consta no **ANEXO X**.

Apróbanse por asentimento as propostas para a dirección da Oficina para a Igualdade de Xénero e para a composición do seu Consello Asesor, tal e como se recollen no **ANEXO X**.

10. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA NORMATIVA DE CURSOS DE VERÁN 2007

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación explica con detalle o contido na normativa de cursos de verán 2007 da Universidade da Coruña que consta no **ANEXO XI**, incidindo moito no feito de que a normativa que se presenta nesta sesión pretende ser unha ferramenta esencial que, tendo en conta que os cursos de verán son un medio que complementa todo aquilo que non pode ser tratado no ensino regrado, axude a garantir a súa consistencia académica e científica, a accesibilidade das súas propostas a un público amplo e a homoxeneidade da propia imaxe institucional que proxecta.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Soraluce Blond, González López e Casabella López, e tamén as Sras. Canosa Ferrio e Rodríguez Amoroso, que solicitan que se incorpore ao contido desta normativa que o estudantado tamén poda poñer directamente proxectos e cursos de verán.

Con tres abstencións e dous votos en contra, apróbase a normativa de cursos de verán 2007 da Universidade da Coruña que figura no **ANEXO XI**, sen aceptarse a proposta formulada polas Sras. Canosa Ferrio e Rodríguez Amoroso.

11. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DE MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

En substitución do Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, o Sr. Xerente da Universidade da Coruña propón para a súa aprobación polos membros do Consello de Goberno modificacións orzamentarias nos seguintes órganos: 1) Vicerreitoría de Investigación (reparto de produción científica) unha modificación negativa (9880.9004 541A 2261401 produción científica-importe: 87.835,26 €) e unha modificación positiva (9880.9004 541A 649.00 departamentos produción científica-importe: 87.835,26 €); e 2) Secretaría Xeral, concretamente na Oficina de Relacións

Internacionais (compra de material informático), unha modificación negativa (9855 422D 23218 proxecto Dianoia - Leonardo da Vinci-importe: 1.676,58 €) e unha modificación positiva (9855 422D 62600 proxecto Dianoia-Leonardo da Vinci-importe: 1.676,58 €). Conclúe a súa intervención o Sr. Xerente indicando que o terceiro parágrafo que aparece na documentación remitida aos membros do Consello de Goberno é un erro, na medida en que, en realidade, son unicamente dúas modificacións orzamentarias, relativas a unha modificación de crédito inicial, n.º de documento 2006000003406, tipo MC, data 9/2/2006, importe 3676,54, e a unha incorporación de remanentes de crédito do exercicio de 2005 ao orzamento de 2006.

Apróbanse por asentimento tales modificacións orzamentarias.

12. ELECCIÓNS DE MEMBROS DA COMISIÓN DE ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 18 do Regulamento de estudos propios de posgrao, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica propón para a súa aprobación polos membros do Consello de Goberno a relación de persoas que poderían integrar a Comisión de Estudos Propios de Posgrao da Universidade da Coruña e que figura no **ANEXO XII**.

Ábrase unha quenda de intervencións, en que participan o Sr. Soraluze Blond, que se interesa polo procedemento seguido para a elaboración desta proposta, e a propia Sra. Vicerreitora de Organización Académica, que responde ao Sr. Soraluze Blond para indicarlle que na elaboración desta proposta participaron todos os sectores implicados.

A proposta de membros da Comisión de Estudos Propios de Posgrao da Universidade da Coruña que se recolle no **ANEXO XII apróbase** por asentimento.

13. LICENZAS E PERMISOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de licenza para os efectos de docencia e investigación para a realización de actividades investigadoras das seguintes persoas: 1) D. Ángel Daniel Rodríguez Aros (Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación-Escola Técnica Superior de Enxeñeiros, Camiños, Canais e Portos), do 5 de febreiro de 2007 até o 4 de febreiro de 2008 (estadía na *Office National d'Études et de Recherches Aéropatiales [ONERA]*, Toulouse-Francia), que foi informada favorablemente pola COAP; 2) D. Héctor Gómez Díaz (Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación-Escola Técnica Superior de Enxeñeiros, Camiños, Canais e Portos), do 1 de febreiro de 2007 ao 30 de xaneiro de 2008 (estadía no *Institute for Computational Engineering and Sciences-University of Texas-EE.UU*), que tamén foi informada favorablemente pola COAP; e 3) D. Ángel Viña Castiñeiras (Departamento de Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós-Facultade de Informática), do 1 de decembro de 2006 ao 15 de xullo de 2007 (estadía no *Department of Computer Sciences-University of California, Los Angeles.EE.UU*), que foi informada favorablemente pola COAP.

Apróbanse por asentimento as licenza cuxos detalles se recollen no **ANEXO XIII**.

14. COMISIÓN DE SERVICIOS

Despois de informar o Sr. Vicerreitor de Profesorado da comisión de servizos cuxos detalles figuran no **ANEXO XIII** e que conta co informe favorable da COAP, os membros do Consello de Goberno **aproban** por asentimento a comisión de servizos en cuestión.

15. PRAZAS DE PROFESORADO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da praza de contratado doutor que, informada favorablemente pola COAP, se somete ao Consello de Goberno para a súa aprobación nos termos que se relacionan no **ANEXO XIII**.

A praza de profesor contratado doutor en cuestión **apróbbase** por asentimento tal e como figura no **ANEXO XIII**.

16. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa aos membros do Consello de Goberno da relación de postos de traballo do persoal docente e investigador que aparece no **ANEXO XIV**. Trátase, sempre segundo o vicerreitor de Profesorado, dun medio moi concreto a través do que se pretende elaborar un cadro de persoal adaptado ao Espazo Europeo de Ensino Superior e en que se inclúan as actividades investigadoras, de extensión e de xestión académica, na medida en que, actualmente, a Universidade da Coruña ten un cadro de persoal asentado no Plano de Organización Docente (POD) que se elabora anualmente contabilizando a docencia en primeiro e segundo ciclo e as reducións por docencia en terceiro ciclo e por cargos de xestión académica. A consecución deste obxectivo pasa necesariamente por tres etapas, cada unha delas con tarefas moi concretas para desenvolver, posto que nunha primeira etapa debería visualizarse a fotografía actual da relación de postos de traballo correspondente a todo o persoal docente e investigador en activo, nunha segunda etapa deberían ser adoptadas as medidas necesarias que permitan incluír a docencia dos mestrados oficiais e a actividade investigadora na correspondente dotación de prazas, e nunha terceira etapa debería incluírse a avaliación das necesidades do profesorado para a adaptación á nova estrutura dos estudos en graos, posgraos e doutoramento e a revisión dos criterios de distribución dos grupos de docencia teórica e práctica para a súa adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior.

Precisamente para a primeira das tres etapas, que é a actual, o Sr. Vicerreitor de Profesorado propón ao Consello de Goberno que aprrobe nesta sesión unha relación de

postos de traballo do persoal docente e investigador para cumprir o preceptuado pola Lei orgánica de universidades, cando dispón que cada universidade pública establecerá anualmente no estado de gastos do seu orzamento a relación de postos de traballo do seu profesorado, incluíndo o persoal docente e investigador contratado, coa consideración de que este non poderá superar o 49 por 100 do total.

Ábrese unha primeira quenda de intervencións, en que participa o Sr. Dopico Calvo coa finalidade de informar o Consello de Goberno de que hai máis dun ano que se lle transmitiu ao reitor e ao vicerreitor de Profesorado a intención por parte do Departamento de Educación Física e Deportiva e do INEF de Galicia (hoxe convertido en Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física), de iniciar trámites parlamentares no eido da Lei de reforma da LOU, co obxectivo de buscar unha solución que permitise acadar a normalización do 47 por 100 do profesorado de centros de titularidade pública do Estado español (A Coruña, Lleida, Barcelona, Vitoria, Granada e Madrid) que imparten a licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e que se atopan en administracións diferentes ás das universidades, ou fóra dos corpos docentes universitarios do estado español. Respecto a este último caso, é obxectivo prioritario mediante estes trámites acadar a plena normalización respecto á situación que actualmente afecta á área de coñecemento de Educación Física e Deportiva (245) no Sistema Universitario Galego, onde o 95 por 100 do seu profesorado (75 por 100 deste co grao de doutor e funcionario), que pertence ao Departamento de Educación Física e Deportiva da Universidade da Coruña, se atopa fóra dos corpos docentes do profesorado universitario do Estado, coas consecuencias negativas que desa situación se derivan, tanto para a área como para a comunidade universitaria deste país. Sempre segundo o Sr. Dopico Calvo, estes trámites parlamentarios foron iniciados no mes de febreiro deste ano 2006, mediante unha pregunta ao Goberno do Estado con resposta escrita, por parte do deputado do BNG, D. Francisco Rodríguez (Grupo Parlamentario Mixto), na Comisión de Educación, que determinou o feito de que, o día 28 de novembro deste mesmo ano, fose aprobada unha emenda que aparece no ditame e que será remitida ao Parlamento para a súa aprobación nas condicións que se detallan no **ANEXO XV** e que, casualmente, no día de hoxe se está a debater no Parlamento do Estado coa aprobación, se proceder, da proposta de Lei de reforma da LOU, previamente a que sexa remitida a estudo e revisión polo Senado. En virtude da situación actual, tanto respecto ao que se recolle na disposición adicional quinta dos Estatutos vixentes da Universidade da Coruña, como no aprobado e remitido para o seu trámite parlamentar e previsiblemente da súa aprobación, o Sr. Dopico Calvo solicita información sobre a valoración que o equipo reitoral fai respecto á situación acadada e sobre a actitude e posicionamento da Reitoría unha vez que, tal e como parece que terá lugar, sexa aprobada esta disposición, e aínda tendo en conta que a práctica totalidade das actuacións xa virán determinadas legislativa e regulamentariamente, e por último, solicita tamén que sexa modificada a proposta de relación de postos de traballo que aquí se trae a aprobación, e respecto ao apartado de observacións en tres prazas do Departamento de Educación Física e Deportiva, que onde pon vacante ocupada por interino, poña só ocupada por interino.

En resposta á intervención do Sr. Dopico Calvo, intervén o Sr. Vicerreitor de Profesorado para indicar que o equipo de goberno desta universidade sempre defendeu a

plena integración do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, razón pola que considera que hai que felicitar a todo o profesorado doutor implicado, tendo en conta sempre que esta concreta medida que permite a integración do citado profesorado a todos os efectos vai prosperar e que tal profesorado reúne todos os requisitos para facilitar a integración. Precisamente por isto, o Sr. Vicerreitor de Profesorado afirma que, unha vez producidas tales mudanzas na Lei orgánica de universidades, a relación de postos de traballo que aquí se presenta será obxecto de modificacións de xeito inmediato, no caso de ser aprobada, mais sempre que se cumpran os requisitos legais esixidos para a transformación das prazas afectadas.

Ábrese outra quenda de intervencións, en que participan os Sres. Navarrina Martínez, Casabella López e Soraluze Blond.

A relación de postos de traballo do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña **apróbbase** por asentimento nos termos que figuran no **ANEXO XIV**.

17. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DOS REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA E CIENCIA DA REPRESENTACIÓN GRÁFICA

Tras a intervención do Sr. Secretario Xeral, que dá conta dos dous regulamentos de réxime interno que se someten á aprobación dos membros do Consello de Goberno cumprindo todos os trámites esixidos para tal fin, **apróbbase** por asentimento a relación de regulamentos de réxime interno que figura no **ANEXO XV**.

14. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIÓNS

Toma a palabra a Sra. Rodríguez Amoroso para amosar a preocupación que hai entre o estudantado polos problemas de inseguridade existentes nos aparcadoiros das Facultades de Dereito e de Ciencias Económicas e Empresariais, que nalgúns casos se traduciron en roubos, e solicitar que se adopten as medidas legais que se consideren máis axeitadas para poñer fin a tales problemas. Despois de intervir no mesmo sentido a Sra. Candeno Gunturiz, o Sr. Reitor toma a palabra para sinalar que a Reitoría, como xa tiña coñecemento destes problemas, está a adoptar certas medidas ao respecto, buscando o apoio expreso do Concello da Coruña, que é o competente sobre a materia.

Toma a palabra o Sr. Fernández Cervantes para solicitar información sobre como debería acceder a Policía Local aos centros da Universidade da Coruña. Respóndelle o Sr. Reitor indicándolle que os corpos e as forzas de seguridade só poden acceder aos recintos da comunidade universitaria cos correspondentes permisos. O Sr. Cervantes tamén intervén para solicitar que se aclare cal é a situación actual das relacións entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e do cadro de persoal docente da nosa universidade que está no complexo hospitalario universitario da nosa cidade. De novo, toma a palabra o Sr. Reitor para sinalar que a relación actual entre a

nosa universidade e o SERGAS é a establecida ao abeiro do concerto asinado por estas dúas institucións o 20 de decembro de 2001, publicado no DOG o día 31 de decembro do 2001, que a Universidade da Coruña quere renegociar sen renunciar a nada, especialmente en todo o relativo ao cadro de persoal docente, tendo en conta que este concerto necesitaría axustarse aos cambios do novo Espazo Europeo de Ensino Superior.

Toma a palabra o Sr. Naveira Fachal para falar das necesidades de adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior do convenio de colaboración en xestión académica entre as Universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo, que establece procedementos comúns e homoxéneos para a resolución das situacións en que o estudantado non pode rematar os seus estudos na súa universidade de orixe por ter esgotado nunha materia todas as convocatorias ou como consecuencia dos procesos de extinción dos planos de estudos, debendo solicitar a admisión en universidades distintas do Sistema Universitario Galego.

Por petición do Sr. Valderruten Vidal, que tivo que ausentarse desta sesión do Consello de Goberno por causas alleas a súa vontade, o Sr. Secretario Xeral tamén intervén para deixar constancia dos problemas acontecidos durante o recente proceso electoral na Facultade de Informática (reclamacións aos censos, número excesivo de mesas e erros nas papeletas) e propón para tales efectos que se estuden posibles modificacións do regulamento electoral, resultando necesario aclarar a participación do colectivo de estudantes de terceiro ciclo nos órganos colexiados da Universidade da Coruña.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:30 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do Sr. Presidente.

V.º e praxe

O PRESIDENTE

José María Barja Pérez

O SECRETARIO

Xosé Manuel Carril Vázquez